

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de marzo de 2022**

Ás 18.00 horas do día 16 de marzo de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, no salón de sesións da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández Pérez

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 16 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CAPTACIÓN DE AUGA PARA ABASTECIMIENTO DAS ESTIVADAS, INCLUÍDAS CO NÚMERO 33/POS/2021, NOS TERMOS MUNICIPAIS DE CUALEDRO E MONTERREI.-

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que o seu grupo vai votar a favor xa que se trata dunha actuación que beneficia aos veciños de ambos concellos.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa*, das obras de captación de auga para abastecemento das Estivadas”, n.º 33/POS/2021, no termos municipais de Cualedro e Monterrei, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Goberno do Concello de Cualedro (expediente n.º 85/2021) na súa sesión de data 6 de maio de 2021, ao atoparse incluídas co número 33, no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do ano 2021 (BOP n.º 33 do 10 de febreiro de 2021)

2.- Acordar definitivamente, á vista do disposto polo artigo 24, parágrafo primeiro da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, ao tratarse dunha obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma, e ao abeiro do disposto polo artigo 29 do mencionado texto legal, a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras de captación de auga para abastecemento das Estivadas, n.º 33/POS/2021, no termos municipais de Cualedro e Monterrei, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

N.º PARCELA EXPTE	N.º POLÍGONO/PARCELA REFERENCIA CATASTRAL	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	OCUPACIÓN DEFINITIVA (M²)	OCUPACION TEMPORAL (M²)
1	12/1505 32051A012015050000MZ	Solo rústico especial protección forestal	MVMC “SERRA DE MEDA”	690,00	965,00

3.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

Información:

Sección de Patrimonio e Expropiacións da Deputación Provincial de Ourense, (rúa Progreso, nº 32, Ourense 32003, 988 317535, expropiaciones@depourense.es)

Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica da Deputación de Ourense <https://sede.depourense.es>

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA UN REPARTO XUSTO, EQUITATIVO E OBXECTIVO DO CANON DA AUGA ENTRE OS CONCELLOS.-

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, explica detalladamente o contido da moción.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que xa o seu grupo, en anteriores plenos, trasladou a súa preocupación por esta proposta do Goberno Galego. Entende que todo o que se argumenta e se pide na moción se axusta á realidade e que quizais poderíase engadir a creación dun fondo de solidariedade destinado a aqueles concellos con infraestruturas máis deficientes. Sinala que é unha obrigaón de Augas de Galicia realizar investimentos en todos os concellos da provincia e que en gran parte dos casos se está incumprindo esta obrigaón.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que o canon que recadan os concellos á veciñanza, a través do recibo municipal de abastecemento e saneamento da auga, repercuta a través dunha

porcentaxe fixa anual en obras hidráulicas nos concellos que cumpren as normas fixadas pola propia administración autonómica.

4º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A VERTEBRACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DO SUROESTE OURENSÁN.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, explica detalladamente o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, intervéen para indicar que en principio está de acordo co fondo da moción, se ben vai realizar reserva de voto para analizala con detemento.

D.ª Eliva Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que estamos ante un tema recorrente que é a necesidade de dotar de infraestruturas axeitadas esta comarca e que o seu grupo xa ven reclamando nos últimos anos. Engade que os fondos Next Generation son unha grande oportunidade para que as administracións competentes aborden a execución destas infraestruturas.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a retomar o proxecto para a ampliación da AG-31 para completar o tramo de Celanova ata a fronteira portuguesa na Madalena (Lobios).
2. Demandar da Xunta o compromiso de que o dito proxecto garanta a inclusión de variantes de entrada e saída da autovía nas localidades de Vereá e Bande, para que a autovía non atravesase ningún núcleo de poboación destes concellos, pois faría que xa non fose unha verdadeira autovía, e causaría graves consecuencias na veciñanza.
3. Instar á Xunta de Galicia á realización dunha infraestrutura viaria que facilite a conexión entre a OU-540 e Xinzo de Limia.
4. Demandar que a análise de impacto ambiental teña en conta a reposición de camiños e vías pecuarias, co fin de identificar e valorar as súas consecuencias medioambientais no contorno.
5. Instar ao goberno do Estado a dispoñibilizar fondos europeos “Next Generation” para as obras desta infraestrutura.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide que o Grupo Socialista teña acceso ao proxecto da obra na estrada OU-0509 Luíntra-Esgos, en particular no referente ao traslado dos muros afectados polas obras.

O presidente da comisión sinala que o dito proxecto xa conta co informe favorable de patrimonio onde se recollen as condicións que deben cumprirse na execución desta obra e que, aínda que non é preceptivo, a Deputación Provincial contratou un servizo de vixilancia arqueolóxica para a súa execución. Aproveita esta intervención para agradecer aos grupos políticos desta Deputación Provincial a lealdade institucional que mostraron estes días nas súas declaracións públicas nun asunto que xerou unha certa polémica e que non é máis que unha das varias actuacións que a Deputación Provincial fai na súa rede viaria e que conta con todos os permisos e autorizacións para a súa execución.

D. Bernardo Varela López, do BNG, intervén para manifestar que un dos labores da oposición é ser vixiante coas actuacións do goberno e, en particular, coa conservación do patrimonio provincial. Engade que neste expediente existen todos os informes que son preceptivos e estes autorizan a execución das obras. Como reflexión final apunta que descoñece os motivos polos que esta obra que se realiza a medio quilómetro do Mosteiro de San Pedro de Rocas chegou a ter tanta repercusión mediática mentres que, por exemplo, a execución dun albergue para peregrinos a escasos metros do Mosteiro de Oseira, que na súa opinión xera un forte impacto apenas a tido repercusión.

O presidente da comisión intervén para manifestar que considera respectable e lícito que as persoas que non comparten as actuacións da Deputación Provincial poidan ir á vía xudicial. Engade que se trata dunha actuación para garantir a seguridade viaria na estrada Luíntra-Esgos e poñer solución aos embudes de tráfico que alí se producen. Reitera que todas as actuacións da Área de Infraestruturas e as súas neste expediente se axustan á legalidade e a obra conta coas autorizacións precisas.

E ás dezoito horas e trinta e cinco minutos dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.

